



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/03/2019 8:56:12

SAIDA

3068/19



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 13/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 16 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 16 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, sobre o listado de colexios que recibiron dende o 2005 concerto público e que ofertan educación diferenciada, desglosado por curso escolar e indicando a financiación pública que recibiu en cada período escolar.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude e dunha resolución de 15 de marzo de 2017, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno.

Segundo. Con data 18 de enero de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 25 de xaneiro de 2019

Terceiro. Con data 13 de febrero de 2019 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a solicitude acceso a información pública que presentou a interesada o 13 de novembro de 2018 foi obxecto de resolución expresa, a través da resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 30 de novembro de 2018. A interesada indicou na súa solicitude como medio de notificación preferente o electrónico, e a notificación da resolución púxose á súa disposición a través do Sistema de Notificacións de Galicia-Notifica.gal o 30 de novembro de 2018. O sistema enviou aviso ao correo electrónico que indicou a interesada na súa solicitude. A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, ante o transcurso do prazo de 10 días naturais desde a posta a disposición sen que accedese ao seu contido, tívoa por rexeitada o 9 de decembro de 2018, de acordo co disposto no artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No referente ao fondo asunto, o informe considera e xustifica que a resolución ditada con data do 30 de novembro de 2018, resolve expresamente as cuestións formuladas na solicitude.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vérn configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da

Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei establece que a reclamación ten carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación, ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O artigo 12 da Lei 19/2013, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

De conformidade co disposto no artigo 41.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, a notificación das resolucións practicaranse polo medio sinalado ao efecto por aquel. Segundo o disposto no artigo 43.2 da mesma Lei, as notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e cando a notificación por medios electrónicos fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

No presente caso, a interesada solicitou como medio de notificación preferente o sistema de notificación electrónica de Galicia notific@, <https://notifica.xunta.es>, segundo consta na copia da súa solicitude de acceso á información. A Dirección Xeral de centros e Recursos Humanos, segundo consta na copia do expediente remitido, puxo á súa disposición o 30 de novembro de 2018, a través do sistema de notificación elixido pola interesada (Notifica.gal), a resolución da mesma data pola que se lle concedía o acceso parcial á información solicitada e enviou simultaneamente o aviso á dirección de correo electrónico que a interesada indicou. Transcorrido o prazo de dez días naturais dende a posta a disposición da notificación, sen que

a interesada accedese ao seu contido, o 9 de decembro de 2018, a notificación se ten por rexeitada, de conformidade co disposto no artigo 43.2, da Lei 39/2015.

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013. O citado artigo establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa. Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No presente caso, dado que a notificación se ten por rexeitada o 9 de decembro de 2018, a partir do 10 de decembro comeza a contar o prazo dun mes para a interposición da reclamación ante a Comisión da Transparencia, e dado que a interesada interpuxo a súa reclamación con data do 16 de xaneiro de 2019, é dicir, unha vez transcorrido o prazo dun mes, debe inadmitirse a mesma por estar fora de prazo.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] con data 16 de xaneiro de 2019, contra a resolución do 30 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pola que se lle concede o acceso parcial á súa solicitude de acceso á información sobre colexios que reciben concerto e ofertan educación diferenciada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia


Milagros Otero Parga